

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019402	IES Pazo da Mercé	As Neves	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	37

## 1. Introducción

A materia de Latín de 4.º de ESO comprende distintos bloques de contidos de igual importancia, mais que non poden recibir nin unha mesma asignación horaria nin un mesmo peso na avaliación da materia.

Esta programación priorizará os contidos de natureza lingüística, que representarán o 75 % do peso na cualificación final, fronte aos contidos de tipo históricos, social, cultural, etc., que representarán o 25 %.

Parece conveniente introducir a materia dando ao alumnado unha serie de coñecementos de referencia que lle permitan contextualizar os contidos dos textos aos que vai acceder a través dos coñecementos lingüísticos que adquire neste curso. Porén, esta contextualización teórica virá acompañada da inmersión na lingua latina dende a primeira semana do curso, coa fin de que o alumnado se familiarice da forma máis natural posible coas estruturas e co léxico fundamental do latín. É por isto que se propón concentrar no inicio do ano académico unha serie de unidades didácticas que teñen como finalidade dotar ao alumnado destes coñecementos básicos. Isto non supón que estes aspectos non volvan ser tratados posteriormente durante o curso. Todo o contrario, este coñecemento básico inicial facilitará que o alumnado poida entender e acceder mellor aos contidos dos textos, tanto en latín como en tradución que sexan obxecto de traballo.

En canto ao peso das unidades didácticas, hai que salientar que a partir da UD5 incluída van incrementando o seu valor. Isto é así porque os contidos lingüísticos requiren, normalmente, a aplicación dunha avaliación progresiva, dado que os contidos dunha unidade son tratados na seguinte e así sucesivamente. Así pois, o conxunto das unidades didácticas que conforman a 2.ª e 3.ª avaliacións achega o 70 % da cualificación final e, ademais, entre elas estarán ponderadas, aportando a 3.ª sempre máis cá 2.ª.

Para elaborar esta programación partiuse dunha dobre premisa. Por unha banda, a materia de Latín de 4.º de ESO debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo Itinerario de Humanidades no bacharelato. Por outra, debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos. Así pois, optouse por abordar uns contidos reducidos para potenciar, porén, a aprendizaxe non reflexiva da gramática básica e a dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas. O alumnado, ao remate do curso, coñecerá en profundidade a categoría gramatical que lle resulta máis estraña, o caso, mais non todos os modelos flexivos do nome. Na morfoloxía verbal non irá máis alá dos tempos simples e da voz activa, se ben se pode introducir marxinalmente a voz pasiva para explicar fórmulas ou expresións idiomáticas. Déixanse para outros cursos, pois, as formas non persoais do verbo, coa excepción de infinitivo de presente activo e un primeiro achegamento ás construcións de infinito con acusativo. Tamén estarían fóra dos obxectivos deste ano a gradación do adxectivo, dedicándose, en cambio, moito tempo ao uso correcto das preposicións, conectores básicos (os de coordinación en xeral e, dentro da subordinación, quia, cum e dum con indicativo) e os adverbios. Con este deseño da programación o que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo Itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.

Lémbrese que os contidos gramaticais concretos que se establecen como horizonte nesta programación modelo poden ser reducidos e/ou ampliados por cada persoa docente tendo como única limitación o establecido na lexislación vixente.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución. Nostra familia. A lingua latina	Nesta UD hase procurar un achegamento por parte do alumnado ás linguas indoeuropeas, á evolución do latín e á presenza das linguas románicas na península ibérica. De igual xeito,	6	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución. Nostra familia. A lingua latina	preténdese que o alumnado lea e comprenda frases sinxelas en latín, que coñeza os restos romanos en Hispania e que estea familiarizado coa orixe das linguas romances.	6	8	X		
2	Lucius, puer Romanus. Italia na Antigüidade.	Nesta UD preténdese que o alumnado coñeza o alfabeto latino e a súa pronuncia e que se familiarice co concepto de flexión. Ademais, coñecerá as oracións atributivas e o caso nominativo. Tamén establecerá os primeiros contactos coa etimoloxía e aprenderá algún vocabulario relacionado coa escola. Descubrirá algúns antigos topónimos de Italia, os territorios da Italia peninsular, o xardín das Hespérides e a Torre de Hércules. O alumnado deberá ser capaz de responder preguntas formuladas con oracións de predicado nominal, de traballar co nominativo da primeira e da segunda declinacións, de investigar sobre antigos topónimos italianos, de interpretar mapas, de investigar sobre personaxes mitolóxicas e de buscar información sobre restos romanos en Galicia	6	8	X		
3	Familia Claudiae. Roma quadrata.	Nesta UD preténdese que o alumnado coñeza as oracións predicativas e as desinencias verbais, os casos xenitivo e ablativo latinos. Tamén aprenderá léxico sobre o material escolar, datos sobre a fundación de Roma, as colinas de Roma, Rómulo e a Roma primitiva e sobre as Nove Musas. O alumnado terá que responder preguntas que riquiran do uso do xenitivo e do ablativo da primeira e da segunda declinacións; deberá realizar exercicios sobre o sistema verbal e as desinencias persoais; deberá relacionar as orixes lendarias de Roma co mito de Troia; deberá investigar sobre a tradición das musas na literatura universal e buscar información sobre restos romanos na Comunidade Valenciana.	7	8	X		
4	Ubi habitamus? A Monarquía en Roma	Neste UD preténdese unha aproximación ás oracións transitivas e intransitivas, así como ao caso acusativo e aos xéneros na lingua latina. O alumnado tamén coñecerá etimoloxía relacionada co léxico das ciencias naturais, descubrirá novo vocabulario sobre o zoo, aprenderá información sobre o Rei e o Senado da Roma primitiva, sobre os sete reis de Roma, sobre Medusa e sobre a antiga Tarraco. Preténdese que o alumnado poida diferenciar as oracións transitivas das intransitivas, que responda en latín a	8	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Ubi habitamus? A Monarquía en Roma	preguntas co caso acusativo, que coñeza como eran as vivendas romanas, que indague sobre a historia de Roma no periodo monárquico, que descubra a figura de Medusa e que procure información sobre restps romanos en Catalunya.	8	9	X		
5	Quid pueri faciunt? Senatus Populusque Romanus	O alumnado aprenderá o infinitivo latino, a forma na que se enuncian os substantivos, algún vocabulario sobre o cómputo do tempo, os trazos xerais da República romana e do Senado en Roma, descubrirá a figura mitolóxica de Faetón e datos sobre a Península Itálica. Nesta UD preténdese que o alumnado coñeza a formación do infinitivo latino, que practique as declinacións e as súas desinencias, que saiba que estudaban os nenos e nenas romanos, que coñeza o esplendor da Roma republicana e as súas institucións, que investigue sobre Faetón e o seu legado na civilización occidental e que procure información sobre restos romanos en Andalucía.	8	9		X	
6	Quid facit? Xulio César.	Nesta UD preténdese que o alumnado aprenda a terceira declinación, as conxugacións latinas, que descubra a relación entre o latín e algún léxico do campo das matemáticas, a física e a química, vocabulario sobre as profesións latinas, datos sobre Xulio César e o final da República, a Guerra das Galias, a Guerra Civil, a ditadura de César e a reorganización do Estado romano, a figura mitolóxica de Orfeo e a antiga Caesar Augusta. Realizará actividades con palabras da terceira declinación e os verbos latinos, practicará cos números romanos, coñecerá a vida cotiá en Roma, a historia de Roma na época de Xulio César, investigará sobre a figura de Orfeo e pescudará información sobre restos romanos en Aragón.	9	9		X	
7	Ad templum. O Imperio	Nesta UD o alumnado toma contacto co caso vocativo, co xénero neutro e coas preposicións latinas. Aprenderá vocabulario sobre as partes do corpo humano e aspectos sobre o ascenso da Roma imperial e sobre a figura de Octavio Augusto, a Pax romana e a extensión do Imperio. Percibirá as diferenzas entre Roma e Constantinopla e coñecerá as figuras mitolóxicas de Dédalo e Ícaro. Descubrirá, ademais, os restos arqueolóxicos das Médulas. Deberá diferenciar os xéneros dos substantivos latinos e as declinacións ás	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Ad templum. O Imperio	que pertencen. Deberá interpretar unha inscrición, coñecer como foi o nacemento e caída do Imperio romano, investigará sobre a personaxe de Dédalo e buscará información sobre restos romanos en Castela e León.	10	10		X	
8	In itinere. Hispania romana.	Nesta UD o alumnado coñecerá os adxectivos latinos e o seu enunciado. Tamén aprenderá o pretérito imperfecto de Indicativo e descubrirá a presenza do latín na historia e na xeografía, así como léxico relacionado coas viaxes. Tamén coñecerá a orixe da Hispania romana, a organización da Península Ibérica, a división administrativa da Hispania romana, a figura de Teseo e a Vía da Plata. O alumnado diferenciará os tipos de adxectivo, traballará co pretérito imperfecto, coñecerá os medios de transporte na antiga Roma, analizará unha moeda, investigará sobre a figura de Teseo e procurará información sobre restos romanos en Extremadura.	10	10		X	
9	In exercitu romano. Grecia e Roma.	Nesta UD o alumnado coñecerá o dativo, a cuarta declinación, o pretérito perfecto de Indicativo, a presenza do latín en léxico relacionado coa arte, vocabulario relacionado co museo, a influencia de Grecia na cultura romana, así como a achega romana, coñecerá á deusa Afrodita e a antiga Complutum. O alumnado deberá identificar o caso dativo e a súa función, diferenciar a cuarta declinación do resto de declinacións, traballar con verbos en pretérito perfecto, saber cómo estaba formado o exército romano, coñecer aspectos da civilización grega en Roma, interpretar o mito de Prosérpina e buscar información sobre algúns restos arqueolóxicos na Comunidade de Madrid.	10	11			X
10	Dies Romanorum- Herdanza romana: costumes e leis.	Nesta UD o alumnado estudará a quinta declinación, o futuro imperfecto de Indicativo, descubrirá a presenza do latín na música, léxico musical, o legado de Roma no dereito civil, o Corpus Iuris Civilis, a influencia da política romana, a figura de Prometeo e a antiga Segóbriga. Deberá traballar con palabras da quinta declinación, practicar as formas verbais, coñecer o legado romano no dereito e na política, recoñecer que aspectos xurídicos perduran na actualidade, indagar sobre a figura de Prometeo e procurar información sobre restos romanos en Castela a Mancha.	12	11			X
11	In thermis. Herdanza romana: arte e educación	Nesta UD o alumnado estudará os numerais e percibirá a influencia do latín en léxico da	14	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	In thermis. Herdanza romana: arte e educación	filosofía e da psicoloxía, aprenderá léxico sobre a fin de curso, descubrirá o legado de Roma na educación, a influencia da arte e da literatura romanas na nosa cultura, coñecerá a figura de Edipo e a antiga Pollentia. Nesta última unidade, o alumnado deberá afianzar os contidos lingüísticos traballados durante todo o curso, deberá traballar cos numerais latinos, aprenderá como eran as termas, coñecerá o legado romano nas artes e na literatura, investigará quen era Edipo e a importancia desta figura na psicoloxía e procurará información sobre restos romanos nas Illas Baleares,	14	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución. Nostra familia. A lingua latina	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais especialmente salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	PE	75
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.		
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma e os acontecementos e personaxes máis salientables dos mesmos, relacionando os datos con referentes actuais.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas máis salientables da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, valorando a importancia da súa conservación.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Observación diaria do traballo na clase.	TI	25
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións artísticas máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.</li> <li>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.</li> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.</li> <li>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.</li> <li>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.</li> <li>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.</li> <li>- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.</li> <li>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Lucius, puer Romanus. Italia na Antigüidade.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais dun texto, contextualizándoo e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	PE	50
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, comparando as similitudes e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	TI	50
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Rúbricas para avaliar os traballos en grupo.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado literario da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.</li> <li>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.</li> <li>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Familia Claudiae. Roma quadrata.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.	PE	30
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos simples, aplicando os coñecementos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	70
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar de forma oral, escrita ou multimodal os trazos básicos do carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación do legado material e inmaterial da civilización romana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.</li> <li>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.</li> <li>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.</li> <li>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
4	Ubi habitamus? A Monarquía en Roma	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo.	PE	10
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	TI	90
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina .		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

## Contidos

- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.
- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
5	Quid pueri faciunt? Senatus Populusque Romanus	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	25
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo.	TI	75
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar os elementos da civilización latina.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.</li> <li>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.</li> <li>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.</li> <li>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Quid facit? Xulio César.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
